

MODIFICACIÓN DAS BASES DO “CERTAME INTERRITMOS”

Acontecidos unha serie de feitos sobrevidos no desenvolvemento da inscrición do “Certamen Interritmos”, convocado pola Asociación de Desenvolvemento Local Deloia, e cujas bases foron publicadas nas páxinas web de Deloia www.deloia.es e do proxecto Interritmos www.interritmos.com, o día 15 de maio de 2013, a Organización procede a realizar as oportunas modificacións ao amparo do disposto no Apartado XIV de ditas bases:

Primera.- Modificación do Apartado II (Participantes).

O parágrafo terceiro do Apartado II - Participantes - queda redactado da seguinte maneira:

“Debido a que, tal e como se explica mais adiante, o certame se celebrará en dúas audicións, os participantes distribuiranse da seguinte forma:

- Os grupos e/ou solistas rexistrados nos Concellos de Muros, Noia, Lousame, Outes e Porto do Son, poderán participar unicamente na audición que se celebrará no Concello de Porto do Son.
- Os grupos e/ou solistas rexistrados nos Concellos de Riveira, Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Dodro, Rois e Padrón, poderán participar unicamente na audición que se celebrará no Concello de Padrón.”

Segunda.- Modificación do Apartado IV (Prazo e Forma de Inscrición).

O parágrafo primeiro do Apartado IV - Prazo e Forma de Inscrición - queda redactado da seguinte maneira:

“O prazo para a inscrición dos participantes abrirase o día seguinte á publicación desta convocatoria e pecharase:

Peche prazo AUDICIÓN DE PADRÓN: o 12 de xullo.

Peche prazo AUDICIÓN DE PORTO DO SON: o 23 de agosto.”

Así mesmo, o parágrafo cuarto do Apartado IV - Prazo e Forma de Inscrición - queda redactado da seguinte maneira:

“Cada un dos técnicos designados recollerá a solicitude e a remitirá aos técnicos do Concello organizador que corresponda. Así, as solicitudes recollidas a través dos técnicos de Muros, Noia, Lousame, Outes e Porto do Son serán remitidas ao Concello de Porto do Son; e as recollidas polos técnicos de Riveira, Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Dodro, Rois e Padrón serán remitidas ao Concello de Padrón.”

Terceira.- Modificación do Apartado V (Desenvolvemento do Certame).

O Apartado V - Desenvolvemento do Certame - queda redactado da seguinte maneira:

“Unha vez admitidos os intérpretes que participarán no certame, terá lugar o mesmo, que se dividirá en dúas audicións, e que celebrarán nos seguintes lugares e datas:

PADRÓN: o 20 de xullo, ás 19h30, no Auditorio Municipal.

PORTO DO SON: o 31 de agosto, ás 19h30, no Auditorio Municipal.

De cada audición sairá un solo gañador, quen obteña a maior puntuación do xurado.”

Cuarta.- Modificación do Apartado VI (Premios).

Os parágrafos primeiro e segundo do Apartado VI - Premios - quedan redactados da seguinte maneira:

“A Organización outorgará dous premios.

Os gañadores destes premios participarán na gravación dun CD repertorio, que conterá as cancións gañadoras dos certames organizados por cada un dos Grupos de Desenvolvemento Rural socios do Proxecto “Interritmos: Ritmos y Pueblos” - DELOA (A Coruña), Terras do Deza e MAIV Baixo Miño (Pontevedra), ADERCOU (Orense), Pisueña, Pas, Miera e Campoo los Valles (Cantabria), ADRECAG e ADRISS (Salamanca), APRODERVI (Cáceres), ADECOM-LACARA (Badajoz), Serranía Suroeste Sevillana e Corredor de la Plata (Sevilla) - e que ten como intención a difusión nacional ou internacional do mesmo. Cada canción terá unha duración de entre 2 e 4 minutos. Os gañadores destes premios recibirán 150 copias de dito CD. En todo caso, o deseño dos CDs correrá a cargo da Organización, que poderá solicitar aos gañadores a información necesaria ao efecto.”

O parágrafo terceiro do Apartado VI - Premios - elimínase.

Quinta.- Modificación de Apartado VII (Composición e Actuación do Xurado).

Os parágrafos terceiro e cuarto do Apartado VII - Composición e Actuación do Xurado - quedan redactados da seguinte maneira:

“O xurado reunirse en privado ao finalizar cada unha das audicións, outorgando puntuacións e determinando o gañador en cada unha delas que será, á súa vez, un dos premiados. Actuará en pleno, e será necesaria a asistencia de todos os seus membros.

Ademáis, o xurado elaborará un listado de suplentes, composto por dous participantes, en orden de preferencia, para o caso anteriormente citado

de que existira desistimento por parte de algún dos gañadores ou imposibilidade sobrevida de realización da gravación.”

Sexta.- Modificación de Apartado VIII (Prazo de Concesión e Entrega dos Premios).

O parágrafo cuarto do Apartado VII - Prazo de Concesión e Entrega dos Premios - queda redactado da seguinte maneira:

“A data de gravación do CD, segundo corresponda, determinarase entre os gañadores e a Organización. En todo caso, dita gravación deberá ter lugar entre o 15 de novembro e o 31 de marzo de 2014.”